

## AVISO

### TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN BARTOLOMEU DE BERRANDE (VILARDEVÓS-OURENSE)

En cumprimento do disposto polo artigo 37 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, notifícolle que a Directora Xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar a **TOMA DE POSESIÓN** provisional das fincas resultantes do proceso de concentración parcelaria da zona de SAN BARTOLOMEU DE BERRANDE (Vilardevós - Ourense), na que figura vostede como propietario, con data 17 de setembro de 2021.

A data para a toma de posesión das novas fincas é o **29 de outubro de 2021**. No caso de que existan colleitas pendentes de recoller nas parcelas antigas de labradío, ou arborado en parcelas que non estean clasificadas como monte alto, poderán ser retiradas antes do **29 de abril de 2022**.

Para o caso que se pretenda retirar arborado, deberá contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes, e xestionándose o aproveitamento con suxeición ao establecido no Decreto 50/2014, do 10 de abril e na Orde do 20 de abril de 2018 que modifica os seus anexos II, III e VI.

No prazo de **dous meses** contados a partir do seguinte á data establecida para a posta a disposición dos predios, poderá reclamar por defecto de superficie nas fincas a vostede atribuídas, xuntando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores ás marxes de tolerancia admitidos, conforme ao disposto no antedito artigo 37. As persoas propietarias das parcelas de achega deben permitir aos titulares das novas fincas o acceso ás mesmas para proceder á medición destas, caso de ser necesario.

#### Debe terse en conta que:

1. A falta de superficie dunha finca non será compensada cando un exceso de superficie, no conxunto dos predios atribuídos, sexa suficiente para compensar, en valor, o conxunto das atribucións.
2. Non se admitirá reclamación no caso de que a finca obxecto da mesma coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada polo mesmo titular.
3. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 90 da Lei 4/2015) sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros.
4. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercebimento, mediante compulsión directa sobre a/s persoa/s que a impidan.
5. Os planos do acordo están accesibles en internet na páxina web da Consellería do Medio Rural no apartado publicacións do buscador que se indica abaixo.

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentrations-parcelarias-procesos>

Ourense na data da sinatura electrónica  
O xefe territorial

Luis Jorge Álvarez Ferro

